

RESOLUCIÓN. Concesión axudas material escolar.

Expte. 2143/2022, relacionado co 2218/2022.

Visto que por Resolución da Alcaldía 1532/2022, de data 14 de novembro de 2022, procedeuse á aprobación das bases da convocatoria de axudas para a adquisición de material escolar, así como extracto de convocatoria publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña nº 222, de data 23 de novembro de 2022.

Visto que no punto cuarto das bases da convocatoria se establece que unha vez completados os expedientes a Comisión de Valoración procederá á valoración, formulando proposta de resolución provisional, que será publicada no Taboleiro de Anuncios do Concello de Cabanas e na web municipal, a efectos de presentación de alegacións e/ou reclamacións oportunas.

Visto as solicitudes presentadas e o Informe de Valoración da Educadora Familiar, de data 19 de decembro de 2022.

Visto que en data 19 de decembro de 2022 procedeuse á publicación da proposta de concesión provisional de axudas para a adquisición de material escolar no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica e na páxina web do Concello de Cabanas, outorgado un prazo de cinco días a efecto de presentación de alegacións oportunas.

Finalizado o prazo de presentación de alegacións, visto a documentación presentada en Informe técnico de concesión definitiva

Visto o Informe de fiscalización de Intervención e de conformidade coas atribucións outorgadas polo artigo 21.1 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, en relación co artigo 61.1 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e demais disposicións concordantes,

RESOLVO:

Primeiro. Conceder ás seguintes axudas para a adquisición de material escolar, polos importes establecidos na táboa que a continuación se relaciona:

Solicitante	Contía axuda concedida
****8018V	75 €
****3134G	75 €
****7608Q	150 €
****7608Q	150 €
****9723W	100 €



****4984Z	150 €
****8610J	128,20 €

Segundo. Denegar as axudas solicitadas que a continuación se relacionan polos motivos establecidos no Informe técnico emitido ao respecto:

Solicitante	Motivo da denegación
****9665J (1ª solicitude)	1
****9665J (2ª solicitude)	1
****1957J (1ª solicitude)	1
****1957J (2ª solicitude)	1

*1: Superar os ingresos que establece o baremo económico do artigo 8 das bases reguladoras para a concesión de axudas de material escolar para o curso escolar 2022/2023 (BOP nº 222)

Terceiro. Publicar o contido da presente resolución na sede electrónica municipal.

Cuarto. Dar conta da presente resolución aos servizos de Intervención e Tesourería aos efectos oportunos.

O acorda e asina o dixitalmente o Sr. Alcalde, Carlos Ladra Brage, en Cabanas, na data que consta á marxe, do que eu, Irene Suárez López, como Secretaria, dou fe.

